



Antonio Gamoneda (Oviedo, 1931) é autor de preto de medio centenar de libros de poesía –tanto individuais como en colaboración con outros/as artistas, así como antoloxías– en boa parte reunidos baixo os títulos *Edad* (1988) e *Esta luz* (2004). Os seus poemarios más recentes son *Canción errónea* (2012) e *La prisión transparente* (2016).

Traducido a vinte linguas distintas, publicou tamén dous libros de narrativa –constituído un deles polas súas memorias de infancia: *Un armario lleno de sombra* (2009)– e numerosos ensaios sobre arte e literatura, entre os que é especialmente significativo canto á súa propia poética *El cuerpo de los símbolos* (1997).

É Doutor honoris causa polas Universidades de Santo Domingo-Primada de América (República Dominicana), UAEM (México), Babes-Bolyai (Rumanía) e León (España), e está condecorado polas de San Luis Potosí (México), Carabobo (Venezuela) e O Cairo (Exipto). Alén diso, a Biblioteca do Instituto Cervantes de Frankfurt leva o seu nome.

En 2006 fórolle concedidos o *Prix Européen de Littérature*, o *Premio Reina Sofía* e o *Premio Cervantes*, e en 2012 recibiu o *Premio Argana* da cultura árabe para poetas de todas as linguas. Considerado un dos mellores poetas hispánicos contemporáneos, ten ditado conferencias e lido obra súa en países de Europa, América, África e Asia, e actualmente está a traballar no seu segundo libro de memorias.

He aquí la pobreza.

Sus huesos tallados, sus gemidos, su sábana arterial.

He

aquí la pobreza.

Los gemidos van a manifestarse en un temblor de álamos, y /concertarán su epifanía, y grandes flores se posarán en nuestras manos,

y nuestras manos dudarán entre sostenerlas y ceñir las manos de los soñados-/res clandestinos y saludar a los grandes ausentes.

Y nacerán los niños amando y ofreciendo la teta izquierda al niño akan o /songha.

Y cantarán abrazados los obispos destituidos y las comadres de Cantamila-/nos, las zurcidoras unánimes.

Y los otros, ¿podrán soportar los otros la floración binaria de la música y /la ira?

No; no podrán soportarla.

He

aquí la pobreza.

De Las venas comunales. Inédito

Poetas Di(n)versos 2018



(ANTONIO GAMONEDA)

Luns 19 de febreiro
20:30

ÁGORÀ

www.centroagora.es



Dores Tembrás



Dores Tembrás (Bergondo, 1979) licenciuouse en Filoloxía en 2001 e, despois duns anos de investigación que incluíron diferentes estadías en Suecia, Madrid e Buenos Aires, en 2008 defendeu a súa tese doutoral: *La obra poética de Alejandra Pizarnik. Arquitectura de un desencuentro*.

En 2009 publicou o seu primeiro poemario, *O pouso do fume*. A partir dese momento sucedense os traballos poéticos: *Esquiografías*, *Diapositivas a clareo*, *Silabario* e *Opium*. En 2013 é galardoada co Premio de Poesía Concello de Carral co libro *Cronoloxía da urxencia*. En 2016, publica a plaquette *Auga a través*.

O seus textos foron traducidos a linguas como o éuscaro, catalán, castelán, inglés, ucraíno, croata, búlgaro e estoniano, e incluídos en diversas revistas, obras colectivas e antoloxías de difusión internacional. Ademais, en 2012 viu a luz o seu primeiro libro de poesía infantil, *O peizoque Roque*, e en 2017 o primeiro de traducións, *cartografías subterráneas*, que inclúe poetas europeos da actualidade.

En 2014 funda xunto á escritora Antía Otero o proxecto cultural Apiario, cunha área dedicada á formación –apoiada en cursos de escrita creativa e poética– e outra á edición de libros. En ambos os dous eidos e dende aquela, este renovador proxecto galego será saudado cun bo número de recoñecementos e galardóns.

*os demás pasan
e ti apoiada na corda
déixaste negativar
revelada con vapor de mercurio*

*no corpo
algo de ferro fundido
de cádavo mollado
de fume extinto*

*os outros
non saben
pero miran de esguello
á que desafía a gravidade*

